

●	EDITORIAL:	Para catro anos	Páxina 2
●	BREVES:	Congreso forestal Ribadeo O Lixo de Cuiña Grupos	Páxina 3
●	INFORME:	Especial Eleccións	Páxina 4-5
●	DELEGACIÓNS:		Páxina 6
●	TABOLEIRO:	Asemblea Xeral Santiago: Novas do Alcalde	Páxina 7

editorial

PARA CATRO ANOS

Mes de xuño. Eleccións xerais no Estado, coincidindo practicamente co Día Mundial do Ambiente. Sen embargo a problemática ambiental pouco figurou nos debates televisados, xa que os distintos candidatos insistiron nos dous coñecidos temas: corrupción e paro.

Efectivamente, parece que agás o "asunto nuclear" e a política de augas, pouco máis hai que dicir en relación co medio. No primeiro caso puidemos ver como no debate entre os "grandes", Felipe González apretou a Aznar ata arrincarlle (e traballo lle costou) a promesa de que de gañar non abriría novas centrais nucleares. Non perdamos de vista que detrás do PP está o gran capital, e velaí as declaracións das empresas eléctricas, declaracións posteriores ó 6 de xuño, dicindo que hai que voltar a ese tipo de enerxía. Porén hai que estar "al loro", porque non sería esta a primeira promesa electoral que se incumple no país.

A política de augas parece ser outro dos apartados que ocupará unha boa parte dos presupostos nun futuro inmediato. Insistirá o Sr. González no trasvase entre cuncas, a fin de dotar de augas ás terras de onde procede e de onde recibe unha grande parte do seu poder político. Sen embargo aí están os pactos cos cataláns e bascos, non moi partidarios do actual Plan Hidrolóxico, e menos a cambio de nada. A política de augas contempla outro importante aspecto: a depuración, tema no que tantas veces temos insistido e denunciado desde a SGHN, baste ver e saber como están o Miño e o Sar, os dous ríos máis emblemáticos de Galicia, ou como recibe augas negras o noso litoral, ese do que pretende o Sr. Fraga que viva unha grande parte dos galegos a través do turismo e da pesca, "motores" cos que, xunto co Plan Forestal, intenta move-la economía galega.

Dúas palabras en relación cun dos devanditos "pratos

fortes" dos distintos programas políticos: o paro, ou mellor, os remedios para acabar co paro. Permitásenos unha vez máis insistir e preguntar: **¿a costa de que?**. Esperemos que o novo goberno non permita que as empresas obteñan máis beneficios (supoñendo que isto signifique que crearán máis postos de traballo), cando menos en parte, gracias a non investir en sistemas que reduzan a contaminación que se permite hoxe (velaí ENDESA-As Pontes, Celulosas, as lácteas, as pizarreiras, o sector do aluminio, as de curtido de peles, as de corte de granito e mármore, as conserveiras, etc, etc, etc). Os tempos de obte-lo máximo beneficio sen importalo deterioro causado afortunadamente están comenzando a pasar, caen no descrédito nunha sociedade que cada vez máis demandará un aire san, unhas augas máis limpas, alimentos máis naturais, maior diversidade biolóxica. Os propios sindicatos son conscientes de que non se pode pedir traballo a costa de sacrificalo medio, **pois no ambiente está o futuro**. De todas formas esteamos alerta.

E, ¿que dicir dos distintos partidos?. Entre os participantes nas eleccións estaban "Los Verdes", que entendemos que pretendían ocupar un espazo similar ós seus homólogos europeos, e que non o conseguiron. ¿Pode isto facernos supoñer que non producen suficiente confianza no electorado? ¿Falla o partido, a estratexia, os medios de comunicación?. Na súa propaganda eles mesmos se preguntan: "¿Como explicar el poco gancho entre los electores?". Entre os outros, gañaron, según como se mire, PSOE e PP. Tamén o Bloque en Galicia. A eles adicaremos un espazo na revista, a fin de espõic-las liñas programáticas relativas ó ambiente, para sabermos o que temos que pedirles que cumplan, posto que o prometeron. Acércanse agora as autonómicas. Unha vez máis permitímonos invitar ó lector a interesarse pola oferta ambiental dos partidos e a **votar en consecuencia**. E non sexamos incautos: O tema ambiental "véndese" ben, por iso hai que incluílo en maior ou menor medida nos programas. Despois, xa veremos. Aí é onde hai que **actuar**, non permitindo esquecementos ou cambios posteriores. Conseguir un mundo mellor depende de nós. De todos nós. De cada un de nós.

A SGHN é ... unha entidade independente, formada en 1973,

dedicada á investigación, divulgación e protección do medio ambiente galego. Ten ó redor de 1000 socios. ¿E que facemos?

Investigación: censos de aves invemantes, de mamíferos mariños, de vertebrados en xeral (para o Atlas de Vertebrados de Galicia), de insectos ...

Divulgación: voceiros sobre itinerarios naturais e temas como o lobo e os incendios, charlas e cursiños e programas de educación ambiental na escola ...

Protección: un esforzo continuo de denuncias e campañas en contra da destrucción vertixinosa que está a sufrí-lo medio ambiente galego ...

A SGHN forma parte da CODA (a federación estatal de grupos de defensa da natureza)

. Ten o nº 264/c-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas e figura no folio nº 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.

Se queres saber máis, estamos na ...

Rúa da Oliveira, 4 - 2º, SANTIAGO (Apdo. 330)

con delegacións en:

Ourense - Rúa Jesús Soris nº23-2º eqda. (Apdo. 212)

Ferrol - Méndez Núñez 11 (Apdo. 356) tel.352820

Vilagarcía - Apdo. 303

A Coruña - Apdo. 825

¡A To Pa u N So Cio No Vo e St e Me S!



PASPALLÁS é o boletín trimestral da SGHN, pero as opinións expresadas nel (á parte da editorial) non son necesariamente as da xunta directiva da asociación.

Colaboran neste número:

Araceli Hidalgo Cortijo, Marcos Freán Hernández, Agostiño Alcalde, Xoan Santamaría Cameán, Javier Cebrián, Antonio Villarino, Xavier Sónora Gómez, Xosé Manuel Penas Patiño.

Impreso en papel reciclado

Santiago.

Dep.Leg. C 1590/91; I.S.S.N. 1132-0567

CONGRESO FORESTAL

Celebrouse en Lourizán do 14 ó 18 de xuño, con asistencia de 600 especialistas. A Consellería de Agricultura, promotor do acto, tenta conseguir, unha vez máis, respaldo para o seu controvertido **PLAN FORESTAL**. Non esquezamos que aínda hai poucas semanas o Conselleiro de Industria anunciou o proxecto de ubicación de 2 plantas de papel, logo do fracaso de Eurogalicia Forestal, e de que AFRIFOGA insiste en repoboar con *Pinus radiata*, que só val para pasta de papel.

"ARMANDO" A COMPETENCIA

A Consellería de Agricultura asinou un Convenio cos homólogos chilenos. Galicia facilitará sementes e clones selectos de *P. pinaster* e de castiñeiro, recibindo a cambio *Pinus radiata* e eucalipto. Foinos difícil entender a postura do executivo galego, considerando que Galicia podería nuns anos vender madeira de calidade á CE, de repoboar con frondosas. Agora entendémolo: trátase de salda-la vella débeda de cando fomos a América a cambiar outro por espellos.

O LIXO DE CUIÑA

A Comisión de Medio Ambiente está a realizar un estudo sobre o impacto do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, elaborado pola COTOP para loitar contra o progresivo aumento do lixo e a proliferación de verquedeiros incontrolados. Que se faga, pero... xa sabémo-lo resultado de antemán porque evidentemente son XUIZ e PARTE.

MONFORTE: PILAS USADAS

O concello de Monforte colocará en cinco lugares estratéxicos da cidade contenedores especiais para a recollida de pilas usadas. **QUE CUNDA O EXEMPLO!**

DOUS POMBOS DUN TIRO

Sabías que... ¿a **RECICLAXE** dos neumáticos usados mezclados con cemento asfáltico, por unha banda mellora a elasticidade e a adherencia do asfalto nas propias estradas, e por outra, soluciona o grave problema de contaminación que xenera a incineración destes residuos?.

SOMOZAS

A Comisión de Medio Ambiente da CE comunicou o pasado día 19 de maio ó parlamento de Izquierda Unida, Alonso Puerta, que se iniciou un procedemento de infracción pola construción da planta de residuos tóxicos e perigosos no municipio de Somozas.

ANIMAI S

ODOG do 22 de abril publica a Lei de protec-

ción de animais domésticos e salvaxes en cativeiro. A cidade deixa aberta a posibilidade a espectáculos onde a crueldade é enorme, amparándose nunha discutible interpretación da tradición e patrimonio cultural.

RIBADEO

A COTOP está construíndo na Ría de Ribadeo unha escolleira de 700m de lonxitude. O proxecto, aprobado con data de 25-10-91, é duramente criticado pola Plataforma pola Defensa da Ría, pola falla do preceptivo estudio de Impacto Ambiental.

BALEAS

Os delegados dos 65 países representados na Comisión Baleceira Internacional reuníronse no mes de maio en Kyoto para decidir a posibilidade de prorrogar a moratoria da caza de estes cetáceos. Finalmente e pese ás reticencias e actitudes contrarias de Xapón e Noruega acordou manter a prohibición de captura comercial de ditos animais.

PETROLEIROS

Un petroleiro británico chocou o pasado día 3 de maio cun cargueiro en augas belgas, morrendo sete persoas e desaparecendo dúas, provocando unha nova marea negra.

CIANURO

Os compañeiros do grupo **BIOTOPO** denunciaron a presenza de cianuro, ademais de hidrocarburos, no fondo da ría de Betanzos. Achácanos ó emprego de dispersantes da marea negra causada polo buque AEGEAN SEA.



Grupos

GOLF

Os campos de golf son ben vistos pola actual política turística da Xunta. Despois de de Domío, e mentres o de Rois está paralizado, comezaron as obras no da illa Boega, no estero do Miño. O colectivo **ANABAM** denunciou o feito, calificándoo como a maior agresión dos últimos anos para aquela importante área natural.

VASURA POSTAL

A Unión de Consumidores (UCB) patrocina unha campaña en contra deste tipo de lixo. Podes negarte a esta invasión publicitaria inscribindote nas "Listas Robinson" R/ Atocha 26, Madrid 28012. Se 100.000 persoas actuaran deste xeito, salvaríanse 150.000 árbores cada ano.

MAIS MIÑO

A Plataforma pola Defensa do Miño critica a actual situación das augas deste cauce, do que beben os lucenses, tendo detectado niveis de chumbo superiores ó permitido legalmente.

RESTAURACIÓN DE DUNAS

Co finalidade de recuperar as áreas máis degradadas das dunas en Coruxo, a Concellalía de Medio Ambiente de Vigo e o grupo ecoloxista Erva desenvolven un convenio de colaboración polo que voluntarios da asociación levarán a cabo tanto a protección como a limpeza do entorno das praias.

especial elecciones. especial elecciones

	PSOE	PP
	<p>"En los próximos años el ambiente será un área privilegiada de la inversión pública, destinada a proteger nuestro patrimonio natural, a regenerar áreas degradadas y a elevar la calidad de vida de los ciudadanos"</p>	<p>"La preservación y mejora del medio natural, del entorno urbano, del patrimonio histórico-artístico son condiciones indispensables para una vida de calidad y también para que el desarrollo económico y social pueda sostenerse a largo plazo. Ahora bien la ecología no puede convertirse en una coartada para pedir más dirigismo y más intervencionismo".</p>
Espacios Naturais	<p>Asumimos la responsabilidad de su conservación. Se ampliará la red de Parques Nacionales, con participación de los sectores sociales implicados. Se garantizará la supervivencia de las especies en peligro de extinción.</p>	<p>Conservación y defensa de los espacios naturales de protección especial, extendiendo los Parques Nacionales hasta 500.000 Has en un plazo de 10 años favoreciendo el desarrollo de los habitantes de estas zonas. Protección y recuperación de los humedales.</p>
Recursos	<p>El agua es un bien económico, social y ecológico. El Plan Hidrológico garantizará un aprovechamiento energético razonable. Se fomentará su ahorro. Se conseguirá el equilibrio hídrico peninsular, compensando el déficit hidráulico entre cuencas. Elaboraremos una Ley de Saneamiento y Depuración de las Aguas. Se regularán los cauces a través de la restauración hidrológica forestal de riberas y cabeceras de cuencas. Construiremos sistemas de depuración de aguas en los municipios mayores de 15.000 habitantes antes del año 2000 y en todos los de más de 2000 antes del 2005.</p> <p>El 18% de nuestro suelo padece procesos de desertización. El Plan de deforestación prevé que entre 1993 y 1997 se reforestarán 1.000.000 Has. Se aplicará el Plan Nacional de Restauración Hidrológica Forestal y de Control de la Erosión. Se redactará una nueva Ley de Montes e Incendios Forestales, aumentando los medios aéreos y móviles.</p> <p>Aplicaremos sistemas que permitan evaluar el impacto ambiental de las políticas y planes de todo tipo, para evitar actuaciones que lo perjudiquen irremediadamente.</p>	<p>El agua es un bien social y elemento básico en la ordenación del territorio. Trasvases con carácter excepcional y respetando los intereses de la cuenca cedente. Ahorro mediante mejora de embalses, acequias y conducciones. Reciclado del agua. Penalización del abuso. Incentivos en el ahorro en usos industriales y urbanos. Política de construcción de embalses respetuosa con el ambiente. Gestión de acuíferos. Depuración de aguas residuales urbanas en municipios de más de 15.000 habitantes antes del año 2000 y reforzamiento del control de vertidos.</p> <p>Plan de Restauración Hidrológico-Forestal: reforestación de cuencas (200.000 Has/año). Modificación de la Ley de Aguas.</p> <p>Programa de reforestación (200.000 Has/año) a medio y largo plazo, que evite la erosión y desertización, comenzando por las cuencas hidrográficas. Prevención y lucha mediante el incremento de dotaciones y otros medios. Ley Básica de Montes.</p>
Residuos	<p>Reducir el consumo de materias primas. Plantear una política integral, con retorno de residuos y envases reutilizables, reciclaje o incineración.</p>	<p>Control del vertido de residuos tóxicos y peligrosos y de su transporte y del tratamiento y eliminación de los mismos. Ley Básica de Residuos Peligrosos.</p>
Agricultura	<p>Implantar técnicas agrícolas menos agresivas, promocionando la "agricultura ecológica" y fomentando los cultivos tradicionales de calidad.</p>	<p>Control específico del uso de pesticidas. Garantizar la obtención de indemnizaciones por daños en caso de productos en mal estado.</p>
Atmósfera	<p>Desarrollaremos el Plan Nacional de Medio Ambiente, con reducción de emisiones gaseosas del tráfico, calderas domésticas e instalaciones industriales. Completar la Red de Vigilancia de Contaminación Atmosférica. Paso a gas natural, menos contaminante. Realización del Programa Nacional sobre el Clima.</p>	<p>Reducción de la contaminación atmosférica en las grandes áreas urbanas y zonas industriales, procedentes de instalaciones fijas y de automóviles. Ley Básica para la protección del Medio Ambiente.</p>
Energía	<p>Racionalizar el consumo energético favoreciendo la sustitución de equipamientos por otros de menor consumo.</p>	<p>Aprovechamiento hidroeléctrico como fuente limpia de energía renovable.</p>
Gestión	<p>Unificación de la gestión de los distintos organismos. Constitución del Consejo de Medio Ambiente integrado por representantes de organizaciones y agentes sociales interesados.</p>	<p>Unificación de la gestión ambiental. Superar el auténtico caos normativo que sufre España en materia medioambiental. Además no podemos aceptar pasivamente el camino que se marque en Bruselas. Fiscal especial que, en la colaboración con los ciudadanos, haga efectiva la persecución del delito ecológico.</p>
Mar		<p>Restauración de la calidad de zonas del litoral y playas deterioradas. Aplicación estricta de la Ley de Costas en materia de vertidos.</p>
Educación		<p>Ampliación de los programas de educación ambiental.</p>
Comentarios	<p>Demasiadas promesas. Non no lo acabamos de crer. A mellorar: - non contempla apenas a potenciación de grupos ecoloxistas e de estudio da natureza, que é de onde saen as ideas e propostas. - Na loita contra os incendios non se vai á raíz do problema, pois non se fala da utilización das especies forestais máis axeitadas a cada territorio, polo que seguirá plantándose en función da rentabilidade. - Non nos gusta un pelo esa porta aberta a incineración de residuos en relación coas avaliacións de impacto ambiental, xa, xa, pero ó remate as empresas farán o que lle dea a gaña como sucede agora. - Non atopamos nada relativo ó posible uso da enerxía nuclear.</p>	<p>Seguen as promesas e boas intencións que non acabamos de crer a vista de certas actuacións en Galicia: - Incendios: como no anterior. - Residuos: non se especifica como face-la eliminación, o que permite a incineración, hoxe xa en marcha. - Non nos cremos o da construción de encoros respetuosos co entorno, considerando o que sucede actualmente en Galicia coas mini-centrais. - Tampouco se fai mención os grupos de defensa da natureza (polo contrario si se di textualmente que as asociacións de Consumidores continuarán sendo subvencionadas). - O relativo a espazos naturais, reforestación, depuración de augas, loitas contra incendios, contaminación atmosférica urbana e industrial, administración ambiental, etc. parecen copiados entre PP e PSOE. Comentar finalmente, fora de programa que "Nuevas Generaciones" do PP defenden a creación dun Ministerio de Medioambiente, así como a privatización de los espacios naturales.</p>

especial eleccions.especial eleccions

VERDES

"La Tierra no puede votar, hazlo tu por ella".

BNG

"Revisión do actual marco legal, incorporando unha normativa que impida a degradación do medio ambiente natural"

Proyecto de Ley en el que se aplicarán penas graves a cualquier tipo de vertidos contaminantes de los ríos.

Eliminación da contaminación de ríos, lagos e lagoas. Reforma do marco estatal da definición de concas e confederación hidrográficas e da política de recursos hidráulicos.

Plan de reforestación inmediata, invirtiendo medio millón de pts anuales.

Proyecto de Ley con obligación para productores (automóviles, electrodomésticos, etc.) de hacerse cargo de los viejos productos y reciclarlos. Salir de la química de organoclorados hacia una "química blanda". Supresión de la fabricación de CFCs. Impuesto que grave la producción de mercancías ecológicamente nocivas. Prohibición de anunciar productos dañinos para el ambiente.

Eliminación de residuos urbanos e industriales.
Prohibición de actividades xeradoras dunha contaminación insolubel.

Potenciación de la energía solar y eólica. Creación de minicentrales eléctricas.

Entre los Diputados Verdes entregarán a Organizaciones humanitarias la parte de su sueldo que exceda lo que ganaban en la vida profesional. Creación de una Fiscalía ante-corrupción. Potenciación de medios económicos y humanos en la Garda Civil dedicada a la protección del ambiente.
Convocatoria de referendum para temas como caza, festejos taurinos, etc.

Eliminación da contaminación dos mares. Dotación adecuada de grandes portos galegos. Esixir unha regulación do tránsito marítimo nas augas territoriais con alonxamento do tránsito de mercadorías perigosas.

Non se inclúen unha serie de apartados relativos a temas como pacifismo, axudas o terceiro mundo. Non podemos estar de acordo co tema das minicentrales eléctricas, así, sen especificacións moi concretas.

Vese claramente un programa no eido ambiental totalmente diferente ós anteriores, e non plantexados pensando en gobernar despois das eleccións senón a exercer unha oposición cuns puntos mínimos e específicos para Galicia. No programa non se especifica como se faría a eliminación de residuos; evidentemente sabemos que non son partidarios da incineración, pero no programa non se di. O propio sucede coa promoción de especies forestais caducifolias, e outros temas.

delegaciónsdelegaciónsdelegacións

A CORUÑA

CELEBRACION DO DIA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE.

Co gallo da celebración do Día Mundial do Ambiente, a Xunta de Galicia organizou unha exposición, os días 4 e 5 de xuño, coa participación de nove grupos da Coruña, entre os que se atopaba a S.G.H.N., representada pola Delegación na cidade. Gracias á colaboración dos compañeiros de Vilagarcía (que cederon uns paneis explicativos), e de Ferrol, que prestou unha chea de material didáctico conseguimos un stand que atraía as miradas de moita xente, sobre todo nova, interesándose pola nosa asociación.

Pensamos que a exposición foi un rotundo éxito e agardamos que unha vez aberto o local (cosa que ocorrerá en breve e da que teredes puntual información) os beneficios, a xeito de novos asociados, serán a mellor bagaxe desta experiencia.

SANTIAGO

ELECCIONS NA DELEGACION. O día 26 de xuño procedeuse a anovación da Xunta Directiva da Delegación de Santiago, resultando elixida a candidatura composta por:

DELEGADO: Agustín Alcalde Lorenzo.

SECRETARIO: Xoan Santamaría Cameán.

TESOUREIRA: Pilar Antelo Docampo.

VOCAL: M^a Xosé Tilve Costas.

EXCURSIONS A SOBRADO. Tamén con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente e coa colaboración da Xefatura Provincial do Medio Ambiente Natural de Coruña realizáronse sendas excursións á Lagoa de Sobrado os días 4 e 15 de xuño con estudantes dos institutos de Arzúa e Negreira.

OURENSE


ENCORO DE CASTRELO DO MIÑO: A SGHN denunciou as obras neste encoro diante da Confederación Hidrográfica solicitándose así mesmo o arbitrio de medidas de protección. Ó mesmo tempo enviáronse notas de prensa ós medios de comunicación, e información á CODA e SEO.

CONFERENCIA. Levouse a cabo o 10 de maio unha conferencia para o CEFOCOP (Centro de Formación Continuada do Profesorado) sobre o patrimonio natural.

AVES MIGRADORAS. Enviouse os medios de comunicación unha nota sobre a campaña da SEO relativa ás aves migradoras, na que participa a S.G.H.N.



o taboleiro



ASEMBLEA XERAL

O pasado día 26 de xuño, e tal como estaba anunciado, celebrouse a devandita asemblea anual no Museo do Pobo Galego, en Santiago. Houbo representacións dos compañeiros de Ferrol, Ourense, Vilagarcía, Padrón, Cambados e Santiago. Botamos de menos a presenza de moita xente, o que é magoa, pois enriquecécese os debates, ademais de verse vellos amigos (¡que menos que unha vez cada ano!).

Entre os acordos destaca a centralización do cobro de cuotas, un paso necesario para poder elaborar presupostos anuais, algo ata agora moi difícil. **Os recibos pasaránse ó cobro en diante cada mes de xaneiro.** De igual modo acordouse elaborar en cada Delegación ou grupo no mes de decembro unha **Memoria Anual** que recolla as novas de prensa que reflexen actividades da Sociedade, escritos remitidos á Administración, fotografías de actos, etc. e que servirá para presentar ás autoridades e medios de comunicación.

Aprobouse a modificación do **anagrama**, que non supón un cambio sustancial do xa existente; queda cun mellor deseño, que por certo debemos a Carlos R. Silvar, sendo un luxo contar con el. Aprobouse así mesmo quedarmos **fora da Asemblea** de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia. Non se trata dunha ruptura, pois esperamos seguir colaborando mutuamente en diversos temas.

Ademais da presentación do **estado de contas** para o ano 92, expúxose que varias delegacións non presentaran aínda completo o inventario de fondos e bens, polo que segue sen acabarse o inventario xeral. Pregamos unha vez máis que por deferencia para todos e por seriedade se entregue o que falta canto antes. Aprobáronse tamén as **altas e baixas**, destacando o grande número de baixas de Santiago (119) por impago de 2 cuotas anuais, o que significaba un elevado gasto en circulares, boletíns, etc. que se viñan enviando. Prégase ós asociados que cambien de enderezo que o comuniquen. Mencionouse a importancia de tomarse en serio o **incremento dos asociados**, que nos permitiría unha certa independencia económica dado que a Administración non nos apoia de modo regular, como fai coa Cruz Vermella, a Igrexa, as Asociacións de Consumidores, etc.

E por esta vez non dou para máis. E non é pouco.



¡URXENTE!

Por un asunto de interese xeral, agradecemos que se poñan en contacto coa Secretaría Xeral os seguintes Socios:

Emilio Álvarez Álvarez
Ramón Baladé Fernández
M^a Francisca Barrera Díaz
Xosé Carlos Barros Pérez
Luis Bello Juanatey
Andrés Bermejo Díaz de Rábago
Patricia Bustamante Fernández
Fernando Cabo Rey
Pedro Cachaza Codesido
Justo Calvo Peña
Estrella Cancio Fernández
Fco José Carballo Benito
Fco Carro Mariño
Xosé Alberto Carrodaguas Villar
Catalina Cepeda Pereira
Silverio Cerradillo Gómez
Luis Antonio Corcos Castro
Sergio Devesa Regueiro
Antonio Díaz Martínez
Eliseo Díaz Rama
Marta Díaz Rama
Francisco Docampo Barreco
Ramón Domínguez Mariño
Manuel Dopico Orjales
M^a Lucía Espiña Sueiro
Javier Ignacio Estévez García
M^a Concepción Fabián García
Xesús Manuel Fernández Escudero
Fabián Fernández Gómez
Pilar Fernández González
Esteban Fernández Moreira
Fco José Fernández Otero
Marín Fernández Pérez
Paula Fernández Rodríguez
Anxo García Rey
Silvia García Rey
M^a Fe García Rfo

Toni Garrido Correas
M^a Consolación González Aguiar
Gaspar Antonio González Somoza
Osvaldo Graña Castro
M^a de los Angeles López Fariña
Xesús López Gromaz
Miguel Angel López Rieopedre
Manuel Lorenzo Balción
Adelino Martínez Veloso
Ramón Mascato García
Alberto Mera Torrente
Xurxo Millán Rey
Álvaro Moraña Fontán
M^a Luisa Mosquera Garca
Alejandro Novo Vázquez
José Manuel Parada Encisa
Fco Javier Parga García
Graciela Paz Bermúdez
Benigno Paz Ramos
Enrique Pintos Barral
Daniel Piñeiro Angueira
Antonio Piñeiro Seage
Antonio Fco Rey Muñiz
Otilia Reyes Ferreira
Carlos Rey Rañó
Richard Rivera Armero
Fco Javier Rodríguez Álvarez
Eloí Rodríguez Castaño
Ana Belén Rodríguez Tesouro
Lito Romero Hemo
Alfredo Sánchez Gómez
José Miguel Santamaría Cabezas
Xesús Santamarina Fernández
Margarita Smyth Chamosa
Fernando Sónora Abalo
David Tañ Guzmán
Juan Trigo Trigo
Mercedes Varela Barreiro

ULTIMA HORA

as
de
rias''

Estévez acudirá
el martes a la
Moncloa para
reunirse con
Felipe González

ra devolver
icho esta-
os años
ión en
anera

niento
lería de
alimenta-
lo en
sen-
in-
in-
n el
stas
pamite
ori-
to y

SANTIAGO. Redacción
El alcalde de Santiago, Xerardo Estévez, acudirá el próximo martes al palacio de la Moncloa para entrevistarse con el presidente del Gobierno, Felipe González. El primer mandatario municipal irá acompañado de una representación de la S. galega de historia natural.

El alcalde aseguró que su departamento se ha comprometido a financiar locales para la asociación hasta 1997, y aseguró estar al corriente de toda la problemática de la Asociación. Explicó que La Asociación contará este año con un presupuesto de 24 millones, y calificó de "muy útil" al colectivo.



Viaxes
Zonda,
S.A.

REPUBLICA DE EL SALVADOR, 9
TELEFONO 565812 - FAX 572239
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Alfredo Brañas, 2 • Teléfonos 59 40 50 - 54 • Fax 53 18 83
Télex 82010 ZOND - E • 15701 Santiago de Compostela • G.A.T. 617

REMITE: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL,
APDO 330, SANTIAGO.

¡FAITE SOCIO!

Para facerte socio da Sociedade Galega de Historia Natural durante un ano, fotocopia esta ficha, cúbrea, recórtaa e mándaa á:

SGHN, Apdo 330, Santiago.

¡Apoia o noso labor a favor da natureza galega!

Apelidos: _____

Nome: _____

Data de nacemento: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Teléfono: _____

Categoría de socio (indica con cruz):

- | | |
|--|-------------------------|
| <input type="checkbox"/> Plenario | cuota anual: 2.500 ptas |
| <input type="checkbox"/> Infantil (ata 12 anos) | 600 ptas |
| <input type="checkbox"/> Xuvenil (ata 18 anos) | 1.250 ptas |
| <input type="checkbox"/> Estudiante | 1.750 ptas |
| <input type="checkbox"/> Familiar | 3.750 ptas |
| <input type="checkbox"/> Protector (toda a vida) | 125.000 ptas |

En tódolos casos, recibirás o boletín "Paspallás" cada 3 meses.

Domiciliación:

Banco/Caixa: _____

Sucursal: _____

Nº de conta: _____

Sr. Director do Banco / Caixa de Aforros:

prégolle admita os recibos que no sucesivo lle


remita a Sociedade Galega de Historia Natural,

dende a data: _____

Sinatura: _____

PASPALLÁS

Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural



"É urxente revisa-la nosa escala de valores. A clave do problema acaso estea no noso desenfundado culto os becerros de ouro do consumo a comodidade e mailo egoísmo insolidario.

Imponse unha paradóxica filosofía da renuncia: ter menos para ser máis e vivir en maior harmonía co Universo."

Hans Meinke. Director de Círculo de Lectores

PERIÓDICOS